



Federación de Traballadores  
do Ensino  
Comisión Executiva Nacional

Membro fundador da IE e afiliado ó CSEE

# Comunicado de Prensa

VALORACIÓN E INFORME DA UGT DO PREACORDO ASINADO SOBRE  
AGRUPAMENTO DO ALUMNADO DE INFANTIL E PRIMARIA

## A CONSELLERÍA APLICARÁ O ACORDO A TODOS OS CENTROS E GRUPOS CON ALUMNOS E ALUMNAS DE IDADES MESTURADAS NOS PRÓXIMOS DOUS CURSOS

Logo do acordo acadado na Mesa Sectorial entre a Administración e os sindicatos UGT, CCOO, ANPE e STEG; que acadan o 60% de representación do profesorado do ensino público de Galicia; o pasado venres día 10 de xullo tivo lugar a sinatura do texto do preacordo, que pasara por un período de falsa interpretación por parte da Consellería de Educación.

A valoración que facemos dende FETE-UGT/Galicia é positiva no senso de que se acada un corpo de criterios para agrupamento de alumnado de infantil e primaria moito máis racional, pedagoxicamente correcto e que vén a corrixir distintas situacións de aplicación que se viñan dando nos distintos centros.

FETE-UGT foi a OS que fixo un plantexamento serio e rigoroso na primeira proposta e ó longo da negociación. Lémbrese que xa faláramos de implantación progresiva para que fose universal a súa aplicación.

O pasado venres, manifestamos claramente as condicións de aplicación para poder asinar este pacto que eran:

- Análise de todos os datos de matrícula nos distintos centros.
- Compromiso da administración de que as RPTs pasarán pola Mesa Sectorial, unha vez concluído o proceso de matrícula do alumnado.
- Adoptar a normativa LOE para educación especial.
- Redución do período de implantación a dous cursos.
- Análise e negociación nas distintas Xuntas de Persoal para aplicar este acordo.
- Constitución dunha comisión de seguemento.
- Traslado á CIG do texto final do preacordo para que valore a súa incorporación ó mesmo.



## Comunicado de Prensa

Na reunión do venres día 10 para concretar o texto final do acordo, logo de distintas intervencións das OOSS e da Consellería, chégase ó texto coñecido (*ver acordo asinado*) que asume practicamente todas as propostas e suxestións que fixera FETE-UGT.

Lamentamos que a outra organización da Mesa Sectorial non teña asinado este preacordo e confiamos que nun futuro próximo se poida acometer a negociación para a rebaixa xeralizada de rateos, nomeadamente en ensino infantil. Como tiña reclamado insistentemente esta organización e o constata o programa de goberno do Partido Popular.

Tamén nos congratulamos de que CSI-CSIF se sume a este preacordo.

Santiago de Compostela, 13 de Xullo de 2009.

**PÚBLICA DE FETE-UGT/Galicia.**